Estes municipios tiveron un descenso de poboación, segundo datos do INE, nos últimos anos, cunha tendencia decrecente desde o ano 2012.

En Vilagarcía o número medio de TIS (tarxeta individual sanitaria) por médico de familia é de 1394 e a media de TIS por pediatra é de 1062.



No Grove o número de TIS medio por médico de familia é de 1387 e a media de TIS por pediatra é de 677.

Ambos están dentro do rango que as sociedades profesionais e científicas consideran como adecuado para ofrecer unha asistencia sanitaria de calidade.

No verán e Semana Santa, pola maior afluencia de turistas, refórzase o servizo no Grove, así como en festas singulares (se reforzan en Vilagarcía festa da auga e no Grove festa do marisco).

As ausencias de profesionais cóbrense cos mesmos criterios en calquera centro de saúde, de forma que a asistencia e accesibilidade sexan adecuadas á poboación que se atende.

Polo tanto, a pesar das dificultades para a cobertura de ausencias, debido á escaseza/ausencia de substitutos en listas, consideramos que estes municipios teñen unha asistencia sanitaria adecuada á súa poboación”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/05/2019 12:57:54
Nº Rexistro: 49876
Data envío: 13/05/2019 12:57:54.997

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/05/2019 12:57:50

CSV: BOPGDSPGdgOo1DdOp7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 44341**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre “**a valoración por parte do Goberno galego da asistencia sanitaria na comarca do Salnés e as previsións respecto á dotación con máis medios e unha ambulancia medicalizada ao Hospital Comarcal, a cobertura de facultativos na atención primaria e a construción dos centros de saúde de O Grove e Vilagarcía**”, (publicada no BOPG número 424 do 1 de febreiro de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A atención primaria de saúde na Comunidade Autónoma de Galicia organízase en Servizos de Atención Primaria, que son as estruturas básicas para a prestación de servizos sanitarios á poboación.

Cada servizo pode ter unha ou varias unidades (centros de saúde) que se localizan en distintos puntos, intentando aproximarse, sempre que sexa posible, á poboación a atender. A asignación de profesionais por poboación atendida na comarca, que están englobados en catro Servizos de Atención Primaria, atópase dentro dos ratios poboacionais que corresponden aos Servizos de Atención Primaria doutras comarcas.

O persoal desta área incrementouse nos últimos 10 anos nun 33%, é dicir en 88 prazas novas. Destas prazas 16 foron de persoal facultativo, 54 doutro persoal sanitario e 18 de persoal non sanitario.

Concretamente no pasado ano contratouse 1 facultativo para o servizo de HADO e 1 mais para o servizo de radioloxía.

Pero non só se incrementou o persoal senón que a política de recursos humanos viuse complementada coa Plan de estabilidade do emprego e provisión de prazas de persoal estatutario do Sergas (2017-2018).

O Sergas, como ven facendo ata o de agora, dotará de recursos humanos ao Hospital do Salnés segundo as necesidades asistencias o requiran.



O concello de Vilagarcía propuxo o edificio da Autoridade Portuaria de Vilagarcía para o emprazamento dun novo centro de saúde. Desde o Servizo Galego de Saúde, no mes de marzo de 2017, informouse de forma desfavorable porque o edificio proposto polo Concello non se podería adaptar ao novo uso, non cubriría as necesidades propias dun centro de saúde, polo que tería que ser demolido, supoñendo un sobrecusto con respecto a calquera actuación nunha parcela libre de edificación. No mesmo escrito informábase ao concello que o Sergas acepta a cesión gratuíta de parcelas sen cargas nin gravames para a construción de centros de saúde. Nestes momentos non temos resposta a este escrito.

En canto ao centro de saúde do Grove, ao longo do 2018 tramitouse coa Tesourería Xeral da Seguridade Social a cesión dunha superficie de 210,64 metros ubicada na Casa do Mar do Grove a fin de destinala a ampliación do centro de saúde.

A Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia-061 (en diante FPUSG-061) xestiona a asistencia extrahospitalaria urxente na Comunidade Autónoma de Galicia. A súa estrutura inclúe unha Central de Coordinación e unha Rede de Transporte Sanitario Urxente. A central, única para toda Galicia, é de regulación médica, o que quere dicir que todas as demandas sanitarias da poboación son atendidas por persoal sanitario, e isto supón que todos os servizos aos que se envían recursos teñen, dende o momento que son atendidas, un médico responsable encargado da asignación do recurso necesario, de dar os consellos pertinentes mentres chega a asistencia, do seguimento continuo da situación clínica e da toma de decisións necesaria para facer fronte aos posibles cambios na mesma.

A cobertura sanitaria de urxencia da comarca do Salnés, formada polos municipios de Vilagarcía de Arousa, Sanxenxo, Cambados, O Grove, Vilanova de Arousa, Meaño, Ribadumia, a Illa de Arousa e Meis, cunha poboación de 109.715 habitantes (segundo datos do Instituto Galego de Estadística a 1 de xaneiro de 2018) realizase con 5 ambulancias asistenciais de soporte vital básico (dúas localizadas en Vilagarcía de Arousa e unha nos municipios de Sanxenxo, Cambados e O Grove).

A característica fundamental destas ambulancias, ademais do equipamento, é que poden ser en calquera momento medicalizadas co persoal facultativo dos diferentes centros de saúde da zona, ou no horario de atención continuado con médicos dos PAC que dan cobertura a esta poboación, garantindo a asistencia, tanto no lugar do suceso como durante o seu traslado, con persoal facultativo aos pacientes de maior gravidade.



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/05/2019 12:57:46
Nº Rexistro: 49875
Data envío: 13/05/2019 12:57:46.434

No Consello da Xunta do 25 de abril autorizouse a contratación do servizo de transporte sanitario terrestre urxente no que se incorporarán seis ambulancias de soporte vital avanzado (SVA), das que dúas son ambulancias medicalizadas e as outras catro son ambulancias de enfermaría. Unha das novas ambulancias de SVA medicalizada terá a súa base na Comarca do Salnés”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/05/2019 12:57:46
Nº Rexistro: 49875
Data envío: 13/05/2019 12:57:46.434

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/05/2019 12:57:42

CSV: BOPGDSPGdgOo1DdOp7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 45582** formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a opinión da Xunta de Galicia respecto da atención sanitaria que se está a prestar na comarca de Pontevedra, as actuacións que vai levar a cabo para a súa mellora e a data prevista para o remate do hospital Gran Montecelo”**, (publicada no BOPG número 431 do 14 de febreiro de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A dotación de recursos na comarca de Pontevedra é a adecuada para poder garantir unha asistencia sanitaria de calidade para a poboación.

O Servizo Galego de Saúde traballa diariamente na mellora continua da asistencia sanitaria, sendo exemplos: a historia clínica dixital, a receita electrónica, as E-consultas, a implantación progresiva do TELEA na EOXI para o control dende o domicilio de diversas patoloxías crónicas, etc.

É de todos coñecida a escaseza de profesionais de Medicina de Familia nas listas de substitucións para a cobertura das ausencias de profesionais (vacacións, I.T., días de libre disposición, etc...). Esta escaseza de profesionais non só afecta a esta área sanitaria ou a nosa Comunidade Autónoma senón que afecta a todo o territorio nacional.

O criterio é, en primeiro lugar, cubrir a ausencia do profesional se dispoñemos de substituto. Cando isto non é posible, realízase a xestión de ausencias programadas, procúrase un goce graduado das vacacións dos profesionais de modo que se compatibilice o dereito ao descanso cunha cobertura e asistencia sanitaria de calidade.

As ausencias dos profesionais están a cubrirse con criterios que garanten unha asistencia e accesibilidade adecuada a poboación.

A dotación de profesionais realízase con criterios exclusivamente técnicos, que teñen en conta entre outros: o número de habitantes, a dispersión xeográfica, o envellecemento da poboación,



a isócrona respecto do hospital de referencia así como do Punto de Atención Continuada, etc.

No caso do concello de Forcarei compre informar que en xuño do 2017 realizouse unha redistribución da cota dun facultativo, que se xubilara, entre os restantes facultativos e a reubicación dun dos facultativos do Consultorio de Soutelo no Centro de Saúde de Forcarei.

A redistribución de cotas fíxose tendo en conta a proximidade dos domicilios das persoas afectadas ao centro de saúde onde serían atendidas e tendo en conta, así mesmo, o criterio dos facultativos implicados, tratando na medida do posible que cada un dos facultativos tivese aproximadamente 1.000 TIS, cifra moi por debaixo da media asignada aos facultativos desta EOXI.

Para a redistribución tivéronse en conta, evidentemente, datos estatísticos demográficos, así como, a frecuentación e axendas de cada un dos facultativos.

A data de hoxe (case dous anos despois) as cotas de cada un dos facultativos son: 1117 TIS, 920 TIS e 871 TIS.

Respecto de Soutomaior cabe precisar que as cotas dos tres facultativos son (á abril de 2019) de 1574 (Consultorio de Romariz), 1642 e 1604 TIS (Centro de Saúde de Arcade) e 901 TIS de pediatría.

Neste concello estanse a cubrir as ausencias cos mesmos criterios que en calquera outro centro de saúde, e que garanten unha asistencia e accesibilidade adecuada á poboación.

En relación co concello de Poio informar que o facultativo que se xubilou no Centro de Saúde de Combarro foi cuberto por interino o día 9 de novembro de 2018.

Respecto do servizo de pediatría do Centro de Saúde de Anafáns dos dous pediatras que tiñan praza no centro, unha foise por concurso de traslados a outra área sanitaria, pero dende o día 16 de xaneiro do 2019 está cuberta.

En canto ás coberturas das ausencias, como xa se mencionou, realízanse cos mesmos criterios que en calquera outro centro de saúde, e que garanten unha asistencia e accesibilidade á poboación.

É coñecida a situación de escasa dispoñibilidade de espazo no centro de Anafáns. Por este motivo o Servizo Galego de Saúde elaborou un plan funcional que establecía unha necesidade de superficie de edificación duns 900 m², non obstante as características urbanísticas da





parcela na que está ubicado o centro, segundo comunicación do concello, non permitía unha edificación superior aos 700 m².

Nestes momentos a Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde seguen a espera de que o concello xestione esta situación co fin de garantir que a ampliación do centro de saúde de Anafáns cubra as necesidades asistenciais, de tal forma que dita ampliación acade os 900 m² de nova superficie construída.

Por outra banda, indicar que acaba de pasar o trámite de exposición pública o Proxecto do Gran Montecelo, polo que podemos dicir que estamos a cumprir co cronograma marcado.

Respecto ao Servizo de Urgencias sinalar que unha das súas características é a variación da demanda de asistencia, é dicir, existe unha importante variabilidade en función da hora do día, do día da semana e do período do ano”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/05/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 50021
Data envío: 20/05/2019 15:48:30.252

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/05/2019 15:48:27

CSV: BOPGDSPGdgOo1DdOp7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/05/2019 12:57:37
Nº Rexistro: 49874

Data envío: 13/05/2019 12:57:37.809

Data 13/05/2019 12:57

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 45629**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre **“a existencia dalgún tipo de contabilidade da espera de mulleres para unha reconstrución de mama despois dunha mastectomía nos diferentes hospitais do Sergas, os datos ou as previsións ao respecto”**, (publicada no BOPG número 431 do 14 de febreiro de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión da Comisión 5ª do 9.05.2019- polo director xeral de Asistencia Sanitaria ao darlle resposta á pregunta 45628 sobre o mesmo tema e formulada polos/as mesmos/as deputados/as

O enlace no que pode ser consultada esta intervención é o seguinte:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-5-sanidade-politica-social-emplego-2019-05-09?part=7f473cb2-86c6-48ec-a4e2-808ad3e4f559&start=9422>

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

páxina 1 de 1

 Xacobeo 2021

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS
INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las
13/05/2019 12:57:34

161118

CSV: BOPGDSPGdgOo1DdOp7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/05/2019 12:57:37
Nº Rexistro: 49874
Data envío: 13/05/2019 12:57:37.809

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/05/2019 12:57:34

CSV: BOPGDSPGdgOo1DdOp7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 46012**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e dona Noela Blanco Rodríguez, sobre **“a opinión da Xunta de Galicia referida á posta en marcha dunha medida para sufragar parte do custo das próteses capilares para as persoas afectadas por alopecia areata, así como as súas previsións respecto de posibles avances ou melloras no seu tratamento e seguimento”**, (publicada no BOPG número 435 do 21 de febreiro de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“ A carteira básica de servizos asistenciais con financiamento público, así como a carteira común suplementaria que inclúe aquelas prestacións cuxa previsión se realiza mediante dispensación ambulatoria e está suxeita a achega do usuario (prestación farmacéutica, prestación ortoprotésica, produtos dietéticos e transporte sanitario non urxente), está regulada a nivel estatal pola Lei 16/2003, do 28 de maio, de cohesión e calidade do Sistema Nacional de Saúde e polo Real Decreto-Lei 16/2012 do 20 de abril. Nesta normativa non figura o financiamento de prótese capilar nin para pacientes afectados de alopecia areata nin doutra patoloxía.

É importante engadir que no que se refire ao tratamento farmacoterapéutico que si condiciona a evolución da enfermidade, están financiados no Servizo Galego de Saúde todos os medicamentos que demostraron eficacia e seguridade nesta patoloxía. Así, fináncianse os corticoides orais, suplementos de calcio e vitamina D, inmunosupresores clásicos, etc. É dicir, ofértase a atención sanitaria oportuna e pertinente aos pacientes con alopecia areata, baseada na evidencia científica e que pode condicionar a evolución da enfermidade.



No que respecta aos novos tratamentos para este tipo de alopecia, existen ensaios clínicos en desenvolvemento con distintos inhibidores da proteína quinasa (ruxolitinib, tofacitinib, baricitinib), pero aínda non hai evidencia da súa eficacia.

Coñecer a incidencia e prevalencia de pacientes afectados de alopecia areata implica ter un código diagnóstico do que se carece a nivel nacional. A codificación CIAP-2 establece un código amplo para a designación de todas as alopecias (S-23). Evidentemente, este código inclúe todos os tipos de alopecia polo que non aporta un dato específico desta patoloxía“.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/05/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 49887
Data envío: 13/05/2019 15:42:31.987

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/05/2019 15:42:15

CSV: BOPGDSPGdgOo1DdOp7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 46546** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Luís Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións da Consellería do Medio Rural respecto da atención dos requirimentos da Entidade Local Menor de Queimadelos, no concello de Mondariz, referidos á situación da base operativa de prevención e defensa contra incendios forestais do distrito XVII, así como a súa valoración en relación coa declaración de nulidade do acordo de cesión de terreos para a súa instalacións”**, (publicada no BOPG número 438 do 28 de febreiro de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

“Este tema xa foi tratado na pasada Comisión 7ª, celebrada o 24 de abril de 2019, polo director xeral de Defensa do Monte, dando resposta á pregunta 46548, sobre o mesmo tema e formulada polos/as mesmos/as deputados/as. O director informou da intención da Consellería do Medio Rural de seguir utilizando a base antiincendios de Queimadelos, no concello pontevedrés de Mondariz. Explicou ademais que se están a negociar coa Entidade Local Menor de Queimadelos as condicións de uso dos terreos para manter estas instalacións en uso, xa que se consideran necesarias para prestar un adecuado servizo fronte os lumes forestais en todo o distrito XVII (Condado-Paradanta) e mesmo fóra del.

No marco desta negociación, a Xunta está a valorar as contraprestacións a esta entidade nas diferentes reunións que se manteñen cos seus responsables para seguir utilizando a base nas mellores condicións para todas as partes interesadas”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/05/2019 13:58:11
Nº Rexistro: 49841
Data envío: 10/05/2019 13:58:11.789

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 10/05/2019 13:58:07

CSV: BOPGDSPGdgOo1DdOp7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 46678**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as actuacións previstas polo Goberno galego en relación coa situación do servizo de transporte sanitario terrestre e coa convocatoria de folga no sector”**, (publicada no BOPG número 438 do 28 de febreiro de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Estamos a falar de traballadores de empresas privadas que veñen de gañar os concursos públicos que a Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia-061 e o Servizo Galego de Saúde convocaron. Son as empresas adxudicatarias as que deben reunirse cos correspondentes representantes dos traballadores, analizar as súas demandas e negociar os convenios colectivos de cada sector. O labor da Administración é valorar o rigoroso cumprimento dos contratos.

Mantívose unha mediación por parte do Consello Galego de Relacións Laborais, que se reuniu cos representantes das Organizacións Sindicais e cos representantes da Patronal, para fomentar a negociación colectiva.

A Fundación Pública Urgencia Sanitarias de Galicia-061 realiza unha avaliación continua das demandas, necesidades e actividade das diferentes comarcas e municipios de Galicia para valorar a necesidade de ampliar, redistribuír, e, en definitiva, adecuar a Rede de Transporte Sanitario Urxente.

O novo concurso está publicado tanto no perfil do contratante como no DOUE.

O novo procedemento, como en anteriores ocasións, cumpre estritamente co disposto na lexislación vixente.



Os nosos tempos de resposta en emerxencia son dos mellores de España e continuamos sendo pioneiros na implantación de programas dirixidos a mellorar a asistencia de urxencia.

En relación ao transporte sanitario urxente terrestre concertado pola Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061 dicir que se trata dun servizo que garante a todos os cidadáns galegos a accesibilidade, a equidade, e a eficiencia dunha asistencia de alta calidade. Un servizo que acada elevados niveis de satisfacción por parte dos usuarios cunha puntuación media do servizo de 9,3 (nunha escala de 0 a 10).

Os contratos vixentes subscritos entre a Fundación e as empresas adxudicatarias do servizo de transporte sanitario urxente terrestre recollen a obriga, destes últimos, con respecto ao persoal que empregue, ao cumprimento das disposicións vixentes en materia de lexislación laboral e do disposto no Convenio Colectivo do sector durante toda a execución do contrato.

Tal como establece a lexislación laboral e social vixentes son os adxudicatarios, en relación ao seu persoal, os que ostentarán todos os dereitos e obrigas inherentes á súa condición de empresarios, sen que en ningún caso poida alegarse por dito persoal dereito algún en relación á Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061 ou á Consellería de Sanidade.

A Fundación reúnese periodicamente cos adxudicatarios do servizo do transporte sanitario urxente terrestre. Nestas reunións trátanse todos aqueles temas propostos que poidan ter relación coa calidade do servizo e con melloras na súa prestación, así como do seguimento do contrato”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/05/2019 12:57:30
Nº Rexistro: 49873
Data envío: 13/05/2019 12:57:30.731

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/05/2019 12:57:27

CSV: BOPGDSPGdgOo1DdOp7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/05/2019 12:57:22
Nº Rexistro: 49872

Data envío: 13/05/2019 12:57:22.856

Data 13/05/2019 12:57

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 46730**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outras/os deputadas/os do mesmo grupo, sobre **“as actuacións levadas a cabo o previstas polo Goberno galego para evitar a desaparición da empresa Isowat da Coruña, o mantemento da súa actividade e dos seus postos de traballo, así como para favorecer o fortalecemento do sector industrial da cidade e da comarca”**, (publicada no BOPG número 442 do 7 de marzo de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

A pregunta foi atendida na intervención do conselleiro de Economía, Emprego e Industria, Francisco Conde López, con motivo do debate da pregunta 46731 que tivo lugar na sesión plenaria do 8 de maio de 2019.

O arquivo audiovisual pode consultarse no seguinte enderezo de Internet:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2019-05-08?part=3e665b5f-2ef2-4f14-9a0b-c234b71140e7&start=4870>

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

páxina 1 de 1



Xacobeo 2021



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/05/2019 12:57:22
Nº Rexistro: 49872
Data envío: 13/05/2019 12:57:22.856

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/05/2019 12:57:19

CSV: BOPGDSPGdgOo1DdOp7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 47120** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto da inclusión dunha ambulancia de Soporte Vital Avanzado para a comarca do Salnés no concurso para a adxudicación do servizo de transporte sanitario terrestre que se está a iniciar”**, (publicada no BOPG número 442 do 7 de marzo de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“No Consello da Xunta do 25 de abril de 2019 autorizouse a contratación do servizo de transporte sanitario terrestre urxente no que se incorporarán seis ambulancias de soporte vital avanzado (SVA), das que dúas son ambulancias de soporte vital avanzado medicalizado e as outras catro son ambulancias de soporte vital avanzado de enfermaría. Unha das novas ambulancias de SVA medicalizada terá a súa base na Comarca do Salnés.

O concurso está publicado na plataforma de contratación da Xunta de Galicia”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/05/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 50020
Data envío: 20/05/2019 15:48:23.252

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/05/2019 15:48:19

CSV: BOPGDSPGdgOo1DdOp7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 47127**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a actuación que vai levar a cabo o Goberno galego en relación coas demandas formuladas no acordo adoptado polo Concello do Grove respecto das carencias de persoal do centro de saúde e a construción dun novo centro”**, (publicada no BOPG número 442 do 7 de marzo de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“As ausencias dos profesionais, están a cubrirse cos mesmos criterios que en calquera outro centro de saúde, e que garanten unha asistencia e accesibilidade adecuada á poboación.

A dotación de profesionais realízase con criterios exclusivamente técnicos, que teñen en conta entre outros: o número de habitantes, a dispersión xeográfica, o envellecemento da poboación, a isócrona respecto do Hospital de referencia así como do PAC, etc.

O número de TIS medio por médico de familia no Grove é de 1.387, dentro dos parámetros que recomentan as asociacións profesionais, e a media de TIS por pediatra é de 671 por baixo da media dos demais pediatras da área.

A escaseza de Médicos de Familia e Pediatras nas listas de substitución, é unha circunstancia coñecida por todos e que afecta non só á nosa área sanitaria ou a nosa CCAA, senón a todas as CCAA. A pesar diso desde a xerencia, esforzámonos cada día en implementar medidas organizativas que ademais de garantir a asistencia, permitan o goce das libranzas regulamentarias dos nosos profesionais.

En canto ás xubilacións, neste centro producíronse 2, unha o 28 de febreiro e a outra o 11 de marzo do presente ano, e serán ofertadas como interinidades nestas próximas semanas.



No centro de saúde do Grove prestan asistencia sanitaria 7 médicos de Atención Primaria, 2 pediatras, 1 Farmacéutica, 6 DUE de adultos e 1 DUE de pediatría, 1 matrona APD dous días á semana, 2 auxiliares de enfermería e 3 PSX.

No Punto de Atención Continuada prestan asistencia os seguintes profesionais: 4 Médicos de Familia, 4 DUE, 3 celadores e 1 PSX.

Consideramos que o Centro de Saúde do Grove ten unha dotación de persoal adecuada para a asistencia sanitaria á súa poboación de referencia.

Nas épocas de maior afluencia de poboación como son no período de verán, semana santa e na festa do marisco, refórzanse os servizos coa dotación adecuada para dar unha asistencia adecuada ao posible incremento de demanda e dentro da dispoñibilidade de profesionais para cubrir os devanditos reforzos.

O Centro de Saúde do Grove conta con 2 pediatras, cunha media de 671 TIS, por baixo da media dos demais pediatras da área.

Polo que se refire a construción dun novo centro de saúde no Grove non pode iniciarse mentres o Concello non poña a disposición unha parcela para a súa construción”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/05/2019 12:57:15
Nº Rexistro: 49871
Data envío: 13/05/2019 12:57:15.653

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/05/2019 12:57:11

CSV: BOPGDSPGdgOo1DdOp7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 47387** formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Paula Vázquez Verao, sobre **“as deficiencias detectadas en materia de accesibilidade no Centro de Saúde Illas Canarias de Lugo”**, (publicada no BOPG número 444 do 13 de marzo de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O15 de maio de 2018 recibíuse escrito no que se solicitaba acceso ás instalacións do Centro de Saúde Illas Canarias para unha arquitecta externa, co fin de inspeccionar e realizar medicións para elaborar ‘informe sobre as condicións funcionais e dotación de elementos accesibles do edificio’.

O 3 de xullo remitiuse resposta solicitándolle que nos indicase os inconvenientes detectados co fin de poder valoralos e buscar unha solución axeitada, sen constar no rexistro ningunha comunicación ou escrito de entrada posterior a esa data”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/05/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 50019
Data envío: 20/05/2019 15:48:15.861

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/05/2019 15:47:57

CSV: BOPGDSPGdgOo1DdOp7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 47391** formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Paula Vázquez Verao e don Luís Villares Naveira, sobre **“as previsións da Xunta de Galicia respecto da realización dun estudo referido ás condicións de accesibilidade existentes no Hospital Universitario Lucus Augusti de Lugo, así como a execución das actuacións necesarias”**, (publicada no BOPG número 444 do 13 de marzo de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Polo que se refire as condicións de accesibilidade do Hospital Lucus Augusti de Lugo cómpre indicar que:

-As prazas de aparcamento para persoas con mobilidade reducida coas que conta o centro cumpren coa normativa establecida.

-Con respecto a parada de bus urbano, esta depende unicamente do Concello e non temos competencia sobre a súa localización.

-Con respecto ao acceso pola porta principal, o propio deseño da porta impide a existencia de zonas cubertas no acceso ao recinto, pero o centro conta con outras entradas adaptadas para o acceso deste tipo de pacientes, incluíndo prazas reservadas para pacientes con patoloxías graves e tratamentos agresivos que limiten a súa mobilidade, así como o acceso interior con ramplas dende o aparcadoiro do hospital.

-En canto ás medidas dos baños, indicar que se consideran correctamente dotados e de dimensións adecuadas para a mobilidade con cadeiras de rodas.

-Con respecto as zonas de descanso no interior das instalacións, sinalar que desde a apertura



do centro foron instaladas bancadas, tanto no vestíbulo principal como ao largo dos pasillos de hospitalización, que facilitan o descanso dos usuarios que o precisen”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/05/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 50022
Data envío: 20/05/2019 15:54:27.205

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/05/2019 15:54:18

CSV: BOPGDSPGdgOo1DdOp7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 47491** formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Paula Vázquez Verao, sobre **“as previsións do Goberno galego para solucionar a falta de praza fixa de médico de medicina familiar no Centro de Saúde de Seoane do Courel”**, (publicada no BOPG número 447 do 22 de marzo de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Os Centros de Saúde da comarca de Quiroga (Folgozo e Seoane do Courel) funcionan normalmente con dous médicos de familia, un en Folgozo e outro en Seoane.

A cobertura de profesionais en xornada ordinaria é do 100% sempre que se dispoña de profesionais nas listas de contratación, que como é sabido existe un déficit de persoal nas listas de vinculacións temporais, habitualmente esgotadas, facendo difícil, e en bastantes ocasións, a substitución das ausencias regulamentarias do persoal.

Para a planificación da cobertura dos permisos regulamentarios, a EOXI ten en conta as diferentes formas de cobertura das ausencias establecidas no artigo 3 da Orde de 4 de xuño de 2008, pola que se da publicidade a determinados acordos sobre ordenación e previsión de postos de traballo e condicións de traballo e retribucións no ámbito da atención primaria e valórase a cobertura das ausencias no conxunto da área, utilizando os recursos dos que dispoñemos aí onde son máis necesarios ao tempo que se garante que, en todo momento, podamos contar con profesionais suficientes para unha adecuada atención.

As ausencias durante o ano 2018 no Centro de Saúde de Folgozo foron de 32 días e no



Centro de Saúde de Seoane de 15 días. Durante o ano 2019 as ausencias ata o mes de marzo foron de 4 días”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/05/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 50018
Data envío: 20/05/2019 15:47:41.455

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/05/2019 15:47:34

CSV: BOPGDSPGdgOo1DdOp7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 47492** formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Paula Vázquez Verao, sobre **“os datos referidos ao Plan director do Hospital de Monforte anunciado pola Consellería de Sanidade a finais de febreiro de 2019”**, (publicada no BOPG número 447 do 22 de marzo de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O Plan Director para o hospital de Monforte, foi presentado nun acto ao que se convidou a todos os xefes de servizo, supervisores de enfermería e xefes de equipo, así como a xunta de persoal, como representantes de todos os traballadores. Así mesmo, nesa presentación, quedou emprazada para outra fecha a presentación aberta a todos os traballadores.

O orzamento do plan director do Hospital de Monforte será de arredor de 15 millóns de euros, repartidos en 5 fases diferentes. Isto ten que facerse así, para que o hospital continúe prestando servizos aos usuarios do distrito de Monforte.

Durante o ano 2019 actuarase sobre a fase 1A, que engloba a creación dun novo hospital de día noutra localización, a ampliación do servizo de farmacia e a compra de equipamento para o servizo de anatomía patolóxica e adecuación do mesmo. Co novo plan director, o hospital de Monforte vai manter as mesmas habitacións coas que conta na actualidade.

O plan director non conleva redución algunha de persoal no hospital.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/05/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 50017
Data envío: 20/05/2019 15:47:28.064

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/05/2019 15:47:24

CSV: BOPGDSPGdgOo1DdOp7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 47609** formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Paula Vázquez Verao, sobre **“os datos referidos ao tratamento de persoas con trastornos aditivos na UAD de Monforte de Lemos no ano 2018, así como a realización pola Xunta de Galicia dalgunha análise das posibles causas do aumento do seu número”**, (publicada no BOPG número 447 do 22 de marzo de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O número de persoas atendidas por algún trastorno aditivo na Unidade Asistencial de Drogodependencias (UAD) de Monforte en 2018 foi de 468.

TRASTORNOS ADICTIVOS	2015	%	2016	%	2017	%
XOGO, LUDOPATÍAS	10	2,48 %	8	1,90 %	11	2,49 %
PROBLEMAS ALIMENTARIOS	--		--		1	0,23 %
HEROÍNA, DIAMORFINA	85	21,04 %	77	18,33 %	78	17,65 %
HEROÍNA + COCAÍNA	8	1,98 %	8	1,90 %	6	1,36 %
CODEÍNA O DERIVADOS	1	0,25 %	1	0,24 %	1	0,23 %
METADONA	1	0,25 %	1	0,24 %	1	0,23 %
OUTROS OPIACEOS	2	0,50 %	2	0,48 %	--	
COCAÍNA	41	10,15 %	43	10,24 %	62	14,03 %
BASE LIBRE DE COCA	1	0,25 %	1	0,24 %	--	
TABACO, NICOTINA	83	20,54 %	85	20,24 %	95	21,49 %
OUTROS ESTIMULANTES DEL S.N.C				0,00 %	1	0,23 %
BENZODIACEPINAS	--		3	0,71 %	2	0,45 %
OUTROS ALUCINÓGENOS	--		1	0,24 %	--	
CANNABIS	46	11,39 %	44	10,48 %	44	9,95 %
ALCOHOL	124	30,69 %	145	34,52 %	140	31,67 %
OUTRAS	2	0,50 %	1	0,24 %	--	
	404		420		442	



A desagregación por sexo e idade desde o 2015 foi a seguinte:

SEXO	2015	2016	2017
Homes	286	307	325
Mulleres	118	113	117
Total	404	420	442

Idade	2015	2016	2017
<18	17	12	12
18-24	15	15	20
25-34	87	85	97
35-44	118	105	110
45-54	96	110	108
55-64	53	67	68
65-74	16	24	24
>74	2	2	3
	404	420	442

Existen 3 unidades asistenciais de drogodependencias: UAD Burela, UAD Lugo e UAD Monforte (hai que ter en conta que a UAD de Monforte atende tamén unha parte da provincia de Ourense (Comarca de Valdeorras). Os resultados obtidos a partir destas tres unidades son os seguintes:

Idade	2015	2016	2017
<18	35	32	38
18-24	101	104	115
25-34	371	359	353
35-44	419	407	378
45-54	289	319	300
55-64	136	163	165
65-74	42	39	39
>74	10	4	4
	1403	1427	1392



O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/05/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 50016
Data envío: 20/05/2019 15:47:20.189

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/05/2019 15:47:16

CSV: BOPGDSPGdgOo1DdOp7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/05/2019 13:50:49
Nº Rexistro: 49973

Data envío: 16/05/2019 13:50:49.946

Data 16/05/2019 13:50

RS/ff

